

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o dezanove de novembro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

21/842 PROCEDIMIENTO PARA A CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “JOSE CARBALLIDO CERCEDA”.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 17 de novembro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

ANTECEDENTES

- I.- Informe do Coordinador de Deportes relativo á autorización do uso do Campo de Fútbol ‘José Carballido Cerceda’ relativo á conveniencia de ceder o uso do dito equipamento municipal.
- II.- Informe proposta do Servizo de Contratación de 27 de outubro de 2014 relativo á autorización do uso do Campo de Fútbol ‘José Carballido Cerceda’ co conforme da Asesoría Xurídica
- III.- Informe de Intervención cunha serie de observacións.
- IV.- Informe do Coordinador de Deportes do 17 de novembro onde indica a conveniencia de asumir por parte do Concello de Lugo os custos de auga e enerxía eléctrica.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo, dende a Concillería de Deportes, considera conveniente ceder o uso do campo de fútbol municipal ‘José Carballido Cerceda’ a favor de clubs deportivos ou S.A deportivas a cambio de que realicen una serie de contraprestacións. Todo iso comportaría un aforro por parte do Concello e un uso adecuado das ditas instalacións deportivas.

Esta instalación está incluída no Inventario Municipal coa cualificación de dominio público. Cualifícase o uso previsto do campo municipal de fútbol ‘José Carballido Cerceda’ como privativo toda vez supón un uso intensivo por parte do que resulte beneficiado que limita e practicamente exclúe a utilización por parte doutros clubs agás as programacións puntuais establecidas polo Concello de Lugo, polo que o dito uso está suxeito a **concesión administrativa** conforme o establecido nos artigos 78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Segunda. En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.”

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 1/10



A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde e suplente da responsable da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA” que son do seguinte teor literal:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “ JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA”

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

Este prego ten por obxecto fixar as condicións xerais que han de rexer a concesión para a utilización privativa do campo municipal de fútbol “ José Carballido Cerceda” incluído no Inventario Municipal coa categoría de ben de dominio (servizo público) por parte do club deportivo ou S.A deportiva que cumpra os requisitos establecidos nestes pregos e que resulten concesionarios e que se utilizará para a práctica deportiva por parte do club.


Malia o carácter privativo do uso, o club ou sociedade beneficiaria da concesión estará obrigado a **compatibilizar** o uso coa celebración dalgún evento deportivo puntual programado con antelación por parte do Servizo Municipal de Deportes e que non interferirá coa programación do Club.

Para evitar esta interferencia o Club deberá entregar ó Servizo Municipal de Deportes unha programación anual que poderá modificarse en función dos seus intereses deportivos.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Cualifícase o uso previsto do campo municipal de fútbol “José Carballido Cerceda” como privativo toda vez supón un uso intensivo por parte do que resulte beneficiado que limita e practicamente exclúe a utilización por parte doutros clubs agás as programacións puntuais establecidas polo Concello de Lugo, polo que o dito uso

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 2/10
			
a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==			

está suxeito a concesión administrativa conforme o establecido nos artigos 78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano competente para o outorgamento da concesión sobre o campo municipal de fútbol é a Xunta de Goberno Local previa tramitación do correspondente procedemento de licitación

TERCEIRA.- CONTRAPRESTACIÓNS.

Dado que a utilización privativa desde dominio público, aínda que reporta unha utilidade ó club ou sociedade deportiva concesionaria, conleva unha serie de contraprestacións que implica unha serie de gastos por parte do concesionario, non procede o aboamento de taxa nin canon algún pola súa utilización.


Así, o club deportivo ou sociedade anónima deportiva que resulte concesionario deberá facerse cargo dos seguintes labores anuais de mantemento:

- Aireado con pincho hoco a principio e fin da tempada deportiva.
- Recebado con area silíceo a principio e fin da tempada deportiva.
- Aireado con pincho macizo según necesidades o longo da tempada.
- Resembra o longo da tempada.
- Fertilización de abonos de liberación lenta.
- Tratamento con insecticidas e fungicidas según necesidades.
- Traballos de recuperación de cesped o final da tempada.
- Segar e recollida de restos, mediante segadora helicoidal, unha media de dúas veces por semana, en función da época do ano.
- Desbroce e limpeza do entorno e taludes do campo de xogo según necesidades.

Tamén deberán manter adecuadamente o entorno do campo así como a limpeza de vestiarios.

A título informativo indícase que estes traballos son cuantificados aproximadamente en 55.000 euros sen prexuízo de que o custo sexa menor para o concesionario.

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 3/10
 a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==			

CUARTA.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN

A concesión terá unha **vixencia de 10 anos dende a formalización da concesión en documento administrativo**. Ó finalizar a vixencia da concesión por calquera motivo o concesionario deberá deixar libre e a disposición do Concello os espazos ocupados no prazo máximo de trinta días dende a finalización sen necesidade de previo requirimento.

Non obstante, o Concello de Lugo resérvase a facultade de revogar e deixar ser efecto a concesión antes do seu vencemento se así o xustifican circunstancias de interese público, sen que non proceda ningún tipo de indemnización a maiores da correspondente polos gastos de conservación e mantemento custeados polo concesionario no ano correspondente.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS DOS LICITADORES.

A concesión do uso privativo do dominio público realizarase mediante licitación pública a fin de garantir o principio de igualdade e concorrència dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art. 78.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais)

Están facultados para tomar parte neste procedemento os **clubs deportivos ou Sociedades Anónimas Deportivas con sede e domicilio no termo municipal de Lugo adicados á fomentar a práctica do fútbol que non estean incursas en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP**. Deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo e coa AEAT a cuxo efecto deberán autorizar a este Concello para acceder a estes datos, caso contrario deberá acreditar o cumprimento deste requisito coa correspondente certificación.

SEXTA. INDEMNIZACIÓN POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIONES.


Cando a utilización privativa levase consigo a destrución ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os desperfectos ocasionados a súa costa e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Lugo na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 92 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas resulta esixible a **constitución de garantía definitiva** que responda do uso do dominio público e da súa reposición ou reparación ou indemnización no

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 4/10
 a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==			

caso de danos. Esta garantía tamén responderá do cumprimento das obrigas derivadas deste prego.

O importe desta garantía é de 25.000 euros e constituirase no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire a cláusula décimo segunda.

De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/perfilcontratante/outros)

O prazo de presentación da documentación será de **TRINTA DÍAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sobres de que se inclúa a documentación presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Ronda Muralla 197 27002 Lugo), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LRPAC. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lugo, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ó Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día a remisión da oferta (fax. 982.29 72 59)

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

NOVENA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS INTERESADOS

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 5/10



Os interesados en participar presentarán **UN SOBRE PECHADO** asinado polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FUTBOL “JOSE CARBALLIDO CERCEDA”), nome do interesado, dirección, teléfono e fax, correo electrónico para os efectos de notificacións.

Dentro deste sobre incluírase a seguinte documentación:

1.- DNI do representante do club ou sociedade anónima deportiva interesada en participar na licitación.

2.- Escritura de constitución do Club ou Sociedade Deportiva, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

3.- **ANEXO I** .- Solicitud conforme o modelo debidamente cumprimentado xunto con declaración responsable de que o licitador se atopa ó corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello de Lugo e coa Seguridade Social e que non se atopa en prohibición para contratar co Concello de Lugo.

5.- Certificación positiva de non ter débedas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria

6.- Certificación positiva de non ter débedas coa Seguridade Social.

No caso de que o interesado autorice o acceso por parte do Concello ós datos persoais referentes ó cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria non será preciso achegar dito certificado xa que se comprobará de oficio. A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello.

Xunto coa antedita documentación deberá achegarse así mesmo dentro do SOBRE A a seguinte documentación necesaria para a valoración dos criterios de adxudicación:

- Memoria asinada polo representante do club ou sociedade no que se indique claramente os seguintes datos que se terán en conta para a adxudicación da concesión:

- ✓ Número de socios actuais do clube ou sociedade.
- ✓ Número de licenzas federativas


DÉCIMA. ÓRGANO DE ASISTENCIA E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

Para o outorgamento da concesión do uso privativo o órgano competente estará asistido por un órgano de asistencia integrada polos seguintes membros:

- O Concelleiro delegado da Área de Deportes.
- Un/unha traballador/a da Concellería de Deportes.
- O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa, que actuará como secretario.

O acto público de apertura da documentación celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións. Se o dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 6/10
 a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==			

suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO PRIMEIRA: CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:

1.- Número de socios. Ata 5 puntos

Valorarse neste apartado o número de socios cos que conte o Club ou Sociedade. Obterá a máxima puntuación (5 puntos) o que teña maior número de socios. 0 puntos o que teña o menor número de socios e o resto de modo proporcional

2.- Número de licenzas federativas: Ata 5 puntos

Obterá a máxima puntuación o que teña maior número de licenzas. 0 puntos o que teña o menor número de licenzas e o resto de modo proporcional

Resultará seleccionado o que obteña maior puntuación conforme os criterios establecidos anteriormente.

DÉCIMO SEGUNDA. ADJUDICACIÓN DA CONCESIÓN. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

O órgano de asistencia, á vista da documentación e memoria presentada polos licitadores e segundo os criterios de adjudicación establecidos neste prego, realizará unha proposta de adjudicación que se remitirá ó órgano competente para resolver o procedemento.

Antes de resolver sobre a autorización requirirase ó licitador seleccionado para que dentro do **prazo de dez días hábiles** contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación:

-Garantía definitiva por importe de 25.000 euros para responder dos posibles danos e prexuízos no dominio público así como do cumprimento das obrigas asumidas.

- Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse durante a concesión tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 600.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por vítima de 150.000€. Así mesmo achegará copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano competente, dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, resolverá se é o caso sobre o outorgamento definitivo da concesión que se notificará aos candidatos ou licitadores.

DÉCIMO TERCEIRA: DEREITOS E OBRIGAS

Dereitos.

- O concesionario terá dereito á utilización privativa do campo de fútbol para a práctica do fútbol, de acordo co establecido no presente prego, sen prexuízo da compatibilidade para a celebración dalgún evento deportivo puntual programado con antelación por parte do Servizo Municipal de Deportes

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSByAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSByAFmb1HA==	PÁGINA 7/10



Obrigas.

- O concesionario deberá realizar e sufragar anualmente as contraprestacións que se sinalan na cláusula terceira conforme as instrucións e indicacións realizadas polos técnicos e responsables do Servizo Municipal de Deportes. A realización destas tarefas de mantemento e conservación realizaranse con puntual cumprimento da normativa existente en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.

En ningún caso o persoal que empregue o concesionario terá relación xurídica nin laboral co Concello de Lugo polo que queda expresamente excluída a sucesión empresarial á finalización desta concesión administrativa.

- O concesionario non poderá cobrar polo uso a outras entidades que accedan ó campo de fútbol nin a particulares, nin realizar actividades que supoñan un negocio ou beneficio económico tales como explotacións publicitarias nin servizo de cafetería.

- O concesionario deberá aceptar as instrucións que motivadamente se dirixa por parte do Concello de Lugo coa finalidade de protexer as instalacións tendo en conta a finalidade da concesión e o interese público.

- Queda prohibida expresamente a cesión ou alugamento da concesión a terceiros.

- O concesionario deberá manter e conservar o dominio público concedido en condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público.

- O concesionario responsabilizarase de tódolos danos e prexuízos que se causen por si ou por persoal ou medios dependentes del, a terceiros ou ó propio Concello de Lugo, como consecuencia do uso privativo do dominio público para o cal subscribirá a correspondente póliza de seguros. En caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

- O concello de Lugo asumirá os gastos de enerxía eléctrica , auga e e en xeral os gastos de consumo que veñan orixinados pola utilización privativa e controlará que o consumo realizado sexa adecuado de modo que se eviten gastos excesivos e para o cal dará as directrices oportunas.

DECIMA TERCEIRA: EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

Declararase a extinción da concesión:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello.

- Por resolución do Concello cando:


* O concesionario non proceda á realización das contraprestacións e demais obrigas a que vén obrigado o concesionario anualmente conforme este prego.

* O concesionario se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa o cumprimento das obrigas establecidas neste prego.

A concesión poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 100 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSByAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSByAFmb1HA==	PÁGINA 8/10
 a/IcNo145o5vSByAFmb1HA==			

alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A extinción da autorización por causa imputable ó autorizado levará implícita a perda da garantía constituída sen prexuízo da indemnización de danos e prexuízos que se produzan.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E DECLARACION RESPONSABLE

Dña./D. _____ co DNI nº _____ en
 calidade de representante do club/ sociedade _____ con
 enderezo social en _____ e con CIF nº _____

SOLICITO tomar parte na licitación para a CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “ JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA” e declaro baixo a miña responsabilidade que:

- 1.- O clube ou sociedade que represento atopase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, co Concello de Lugo e coa Seguridade social.
- 2.- Que non se atopa incurso en prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- 3.- Que acepto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que serven de base ao presente procedemento de licitación e que o acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.
- 4.- Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas, e en particular a acceder ós meus datos de carácter persoal relativos ó cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, do Concello de Lugo e coa Seguridade Social.

En _____, a ___ de _____ de 2014


Asdo: _____
 (Nombre e selo da empresa)

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Delegar a competencia para a resolución deste procedemento na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, ou naquel Concelleiro/a que legalmente a substitúa.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime



Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 9/10
 a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==			

ACTAS E GOBERNO


MGF/cvr

Refª: 14x570210842

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-11-2014

xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/11/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==	PÁGINA 10/10
			
a/IcNo145o5vSBYAFmb1HA==			